


Como comentar unha pirámide de poboación


Pirámide de poboación de España, año 2007




Fuente: Instituto Nacional de Estadística. Censo a 1 de enero de 2007

Las pirámides de población


- La **pirámide de población** representa la estructura por edad y sexo de la población de un territorio en un momento determinado



Pirámide de población española, 1900




Pirámide de población española, 1900




- Forma triangular ou de parasol.
- Indica poboación nova (os mozos supoñen máis do 35% da poboación e os anciáns, menos do 5%)
- Base ancha polas altas taxas de natalidade. Cumio estreito pola elevada mortalidade e a reducida esperanza de vida.
- Comentar as causas da alta natalidade (economía e sociedade de base agraria: máis fillos, máis man de obra), e ausencia de control efectivo dos nacementos) e da alta mortalidade (alimentación insuficiente, precariedade médica e hixiénica, enfermidades e epidemias, guerras, malas colleitas...).
- A esperanza de vida era baixa pola elevada mortalidade infantil e materna.
- Ter en conta as consecuencias desta estrutura demográfica: a nivel laboral, a alta porcentaxe de mozos en idade de traballar nun país pouco industrializado, conleva elevado paro e unha forte emigración.

Pirámide de población española, 1950




Pirámide de población española, 1950




- Forma de oxiva ou de campá.
- Indica poboación adulta ou estacionaria (mozos entre o 25-35% e anciáns entre o 5-12%).
- A base é moderada porque a natalidade se foi recortando (aínda que de forma suave), de modo que aínda permite o relevo xeneracional.
- A poboación diminúe lentamente cara ao cumio a causa das taxas de mortalidade baixas.
- Hai unha acumulación de efectivos nos adultos e porcentaxes non moi elevadas de mozos nin de anciáns.
- Nótase un entrante na franxa de idade madura correspondente aos efectos da Guerra Civil e da posguerra.
- É necesario indicar as causas do recorte da natalidade e da baixa mortalidade, así como as consecuencias do predominio dunha poboación adulta (moitos activos e non demasiada poboación dependente)

Pirámide de población española, 2008




Pirámide de población española, 2008




- Forma de urna.
- Indica poboación avellentada (menos do 25% de mozos e máis do 12% de anciáns).
- A base remétese, debido a unha natalidade baixa e en descenso.
- Abultado peso ou saínte da poboación madura (efecto do “baby boom” de 1960-1975).
- O entrante causado pola guerra e a posguerra, sitúase na franxa de 65 a 75 anos.
- A porcentaxe de anciáns é elevada debido ao incremento da esperanza de vida.
- É necesario explicar as causas de avellentamento e as súas consecuencias (gastos en pensións, sanidade e asistencia social).

Pirámide de población. Años 2008 y 2018



¿Cómo será la población española en 2025?



Población más envejecida

Poblaciones jóvenes poco abundantes

Pero podría cambiar si se incrementara el número de inmigrantes